

“UNA CEBRA EN EL AGUA”, FOMENTANDO VOCACIONES CIENTÍFICAS NA AULA

RODRÍGUEZ CALVO, LOIS ANXO
CPI de San Sadurniño (A Coruña)

O proxecto “Una cebra en el agua” é unha iniciativa do grupo ACUIGEN do Departamento de Xenética (Universidad de Santiago de Compostela) que se desenvolveu en 114 centros de secundaria Galicia.

O obxectivo principal do proxecto era fomentar vocacións científicas trasladando ás aulas o desenvolvemento dun traballo científico nun contexto real utilizando o peixe cebra, *Danio rerio*, como modelo de investigación.

Para facelo, enviouse un acuario completo no que desenvolver o proceso de reprodución e obtención de embrións de peixe cebra e púxose a disposición dos centros unha plataforma virtual para simular o traballo real nun laboratorio de xenética.

Este traballo pretende mostrar a experiencia do desenvolvemento deste proxecto nas aulas de 4º da ESO do CPI de San Sadurniño durante 3 cursos académicos.

O proxecto “una cebra en el agua” no CPI de San Sadurniño deunos a oportunidade de desenvolver un proxecto científico real, consistente en establecer nun acuario as condicións necesarias para a obtención de embrións de peixe cebra e a súa posterior observación. O día a día do traballo co acuario implicou: alimentación dos peixes, control de parámetros físico-químicos, limpeza periódica do acuario, colocación e revisión dos recipientes de recollida de ovos, mantemento dos ovos e cuidados dos alevíns, observación microscópica e con lupa binocular do desenvolvemento embrionario.

Dende o punto de vista de integración no currículo, o desenvolvemento do proxecto plantexouse como unha **tarefa integrada** na cal, ó alumnado, desenvolveu un traballo científico nun **contexto real** . Deste xeito traballáronse contidos de 4º da ESO da materia de bioloxía e xeoloxía relacionados con 3 bloques: Bloque 1. A evolución da vida; Bloque 3. Ecoloxía e medio ambiente e Bloque 4. Proxecto de investigación.

O longo do desenvolvemento do proxecto o alumnado tivo que poñer en xogo, ademáis da competencia científica, a competencia en autonomía e iniciativa persoal, competencia dixital, competencia en aprender a aprender e competencia en comunicación lingüística.